

COMUNICACIÓN

ASUNTO: REGULACIÓN DO ACCESO A GARAXES A TRAVÉS DA PRAZA DA PERILLANA

No marco das previsións do Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel, **a partires do 22 de setembro o acceso con vehículos a motor á rúa que rodea a Praza da Perillana estará prohibido agás para o acceso aos garaxes existentes en dita rúa.**

AUTORIZACIÓNS PARA ACCESO A GARAXES

Para acceder a esta rúa será necesario contar coa correspondente autorización que facilitará a Concellaría de Mobilidade e Tráfico a través da Oficina da Policía Local. A autorización terá carácter anual e recollerase nunha tarxeta identificativa que deberá colocarse no interior do parabrisas dianteiro no ángulo inferior dereito de xeito que sexa visíbel desde o exterior.

REQUISITOS PARA OBTENIR A AUTORIZACIÓN

1. Ser propietario/a ou arrendatario/a dunha ou máis prazas de garaxe.
2. A persoa interesada debe dispor de permiso de circulación.
3. O/s vehículo/s autorizado/s debe/n dispor de permiso de circulación e o nome e enderezo da persoa titular deberá coincidir co que figure no documento de propiedade ou arrendamento.
4. O/s vehículo/s autorizado/s deberá/n ter superada a ITV e contar con seguro de suscripción obrigatoria vixente.

Os requisitos 2, 3 e 4 serán comprobados pola administración polo que non será preciso que a persoa interesada achegue esa documentación.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

1. Solicitude no modelo oficial dispoñíbel na web do concello (pestaña “Formularios e impresos”, apartado “Mobilidade”), na sede electrónica ou solicitándoo en mobilidade@pontearreas.gal.
2. Copia do DNI (para os extranxeiros tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade e maila súa residencia legal).
3. Documento que acredite a propiedade ou arrendamento de praza de garaxe.

Concellaría de Mobilidade e Tráfico

4. No suposto de vehículo en réxime de arrendamento financeiro deberá achegar copia do contrato de leasing ou renting e copia da póliza do seguro do vehículo debendo constar a persoa interesada como condutora habitual.
5. No suposto de vehículo cedido pola empresa na que traballa, achegarase documento estendido pola empresa no que se acredite que a persoa solicitante é a única e exclusiva usuaria do vehículo, que está autorizada para dispoñer do mesmo fóra da xornada laboral e que o uso do vehículo tributa como retribución en especie na declaración da renda das persoas físicas; achegarase copia da póliza do seguro do vehículo debendo constar a persoa interesada como condutora habitual.

MODIFICACIÓNS, RENOVACIÓN E EXTRAVÍO DA AUTORIZACIÓN

Calquera modificación de datos ou circunstancias tidas en conta na concesión da autorización deberase comunicar ao Concello no prazo máximo de 15 días. No caso de extravío da autorización deberase comunicar de inmediato ao Concello.

O prazo para a presentación das solicitudes de renovación das autorizacións será do 1 ao 15 de decembro e farase no modelo normalizado indicando se variaron as circunstancias para o outorgamento da autorización e, no caso de que variasen, achegarase a documentación correspondente.

CONDICIÓNNS PARA CIRCULAR POLA RÚA

1. Dispor da acreditación en lugar visíbel (esta obriga esixirse a partires da súa entrega ao interesado/a).
2. Límite de velocidade a 10 km/h.
3. Os vehículos deben conceder prioridade a peóns e ciclistas.
4. Está prohibido o estacionamento de vehículos na calzada, unicamente se permite a circulación para a entrada e saída de garaxes.

Ponteareas 21 de setembro de 2020